



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Convocatoria pública para o outorgamento de autorizacións, en réxime de concorrência, para o exercicio da venda ambulante en postos, gastro-buses (food trucks) ou vehículos-tenda similares durante o Festival Rock in Cambre 2026

Por Resolución da Alcaldía núm. 598/2026, do 13 de agosto, aprobáronse as bases que rexerán a convocatoria pública para o outorgamento de autorizacións, en réxime de concorrência, para o exercicio da venda ambulante en postos, gastro-buses ("Food Trucks") ou vehículos-tenda similares durante o "Festival Rock in Cambre 2026".

Ábrese un prazo de 20 días naturais, a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio, para presentación de solicitudes:

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PÚBLICA PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRÊNCIA, PARA O EXERCICIO DA VENDA AMBULANTE EN POSTOS, GASTRO-BUSES ("FOOD TRUCKS") OU VEHÍCULOS-TENDA SIMILARES DURANTE O "FESTIVAL ROCK IN CAMBRE 2026".

Base 1ª.- Obxecto.

É obxecto destas bases regular as condicións que rexerán a convocatoria pública para o outorgamento de autorizacións, en réxime de concorrência, para o exercicio da venda ambulante en postos, gastro-buses ("food-trucks") ou vehículos-tenda similares, de produtos elaborados de alimentación e bebidas, con carácter ocasional con motivo do "FESTIVAL ROCK IN CAMBRE 2026" durante os días 25 e 26 de setembro de 2026.

Dada a limitación de espazo dispoñible na zona de localización do evento (Campo da Feira, fronte á casa consistorial) para a instalación dos postos de venda, gastro-buses ("food trucks") ou vehículos-tenda de análoga natureza, o número máximo de autorizacións que poderán outorgarse ao abeiro desta convocatoria é de (11) once.

A concesión destas autorizacións rexerase, ademais de polo establecido nestas bases, polo disposto na lexislación vixente en materia de venda ambulante ou non sedentaria, en particular, polos artigos 70 a 78 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, de Comercio interior de Galicia, así como pola Ordenanza reguladora de venda ambulante no termo municipal de Cambre (BOP núm. 137 de 19/07/2012, con modificacións publicadas no BOP núm. 7 de 13/01/2016 e no BOP núm. 38 de 23/02/2018) e a Ordenanza fiscal núm. 23 que regula a taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público con motivo da venda ambulante (BOP núm. 245 de 27/12/2021), sen prexuízo das restantes normas concordantes que resulten de aplicación.

As autorizacións de venda de ambulante outorgadas ao abeiro desta convocatoria non prexulgan a obtención de calquera outra autorización ou licenza que puidese resultar preceptiva.

As autorizacións concederanse a persoas físicas ou xurídicas e terán carácter intransferible. Só se concederá unha autorización por persoa ou entidade.

Base 2ª.- Principios do procedemento.

A presente convocatoria pública axustarase ao establecido na Lei 13/2010 de 17 de decembro, de Comercio interior de Galicia, na Ordenanza reguladora de venda ambulante no termo municipal de Cambre e na Ordenanza fiscal núm. 23 que regula a taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público con motivo da venda ambulante e nas presentes bases.

De conformidade co establecido no artigo 76 da Lei 13/2010, de 17 de decembro, de Comercio interior de Galicia, as autorizacións deberán concederse en réxime de concorrência mediante a correspondente convocatoria pública cando o seu número sexa limitado, en condicións non discriminatorias e o procedemento deberá garantir a transparencia, imparcialidade e, en concreto, a publicidade axeitada do inicio, do desenvolvemento e do fin do proceso.

Base 3ª.- Situación das instalacións e número de postos

O espazo público que se reserva para a instalación dos postos de venda, gastro-buses ("food trucks") ou vehículos-tenda similares correspóndese coas zonas descritas no plano que se incorpora como anexo a estas bases.

Cada persoa interesada poderá solicitar varias autorizacións, pero non poderá ser adxudicataria de máis dunha delas, coa única excepción de que queden vacantes. Neste caso, poderán concederse as ditas vacantes entre os/as solicitantes por orde de puntuación.

O número máximo de autorizacións é de (11) once, segundo o plano que se incorpora como anexo a estas bases.

O espazo para ocupar por cada un dos postos de venda ambulante nesta edición do festival será de 7 x 3 metros (21 m2).

En todos os supostos será por conta da persoa autorizada a instalación eléctrica necesaria para o exercicio da actividade, os gastos de iluminación e enerxía eléctrica, así como, no seu caso, os derivados da vixilancia e seguridade do posto de venda, gastro-bus ("food-truck") ou vehículo- tenda similar, sen prexuízo das competencias legalmente atribuídas á policía local e demais corpos e forzas de seguridade en materia de seguridade en espazos públicos.

Os gastro – buses ("food trucks") ou vehículos-tenda similares deberán situarse de xeito que non se interrumpa a circulación de persoas.

Base 4ª.- Desenvolvemento da actividade: horarios, produtos autorizados e duración da autorización.

- **Días de celebración:** a celebración do "FESTIVAL ROCK IN CAMBRE 2026" terá lugar os días 25 e 26 de setembro de 2026.
- **Horario autorizado:** desde as 19.00 horas ata unha hora despois da finalización dos concertos.
- **Duración das autorizacións:** (2) dous días: venres 25 e sábado 26 de setembro de 2026.
- **Productos autorizados:** poderán ser obxecto de venda ambulante os seguintes produtos:
 - o Produtos de alimentación elaborados.
 - o Bebidas.

En ningún caso poderán ser obxecto de venda ambulante ou non sedentaria os bens ou produtos cuxa propia normativa o prohiba ou aqueles outros que, en razón da súa presentación ou outros motivos, non cumpran a normativa técnico-sanitaria e de seguridade.

O Concello de Cambre resérvase o dereito para retirar parte ou a totalidade dos produtos dun posto se non se cumpre coas condicións de participación establecidas nestas bases ou se trata de produtos non indicados na solicitude presentada e que deu lugar á autorización.

- **Asignación dos postos as solicitudes autorizadas:** tendo en conta que os postos son idénticos, a súa asignación a cada un dos/as vendedores/as autorizados/as será realizado polos servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local, ao fin de lograr a mellor distribución posible tendo en conta as características dos produtos vendidos, a tipoloxía dos postos, etc.

Base 5ª.- Requisitos dos/as solicitantes.

Poderán solicitar a participación nesta convocatoria pública "FESTIVAL ROCK IN CAMBRE 2026" aquelas persoas físicas e xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 72.2 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, de Comercio interior de Galicia e na Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante do Concello de Cambre, en particular:

- Estar dado ou dada de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e no epígrafe correspondente de actividades económicas para o desenvolvemento da actividade da Axencia Tributaria.
- Cumprir cos requisitos das regulamentacións de cada tipo de produtos, en particular, no relativo a etiquetaxe, aditivos, compoñentes, alérxenos e demais requisitos conforma á lexislación europea, nacional e autonómica.
- Satisfacer as taxas e os tributos fixados na correspondente ordenanza municipal.
- Dispoñer dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixibles, se se tratase de persoas estranxeiras procedentes de estados non membros da UE.
- Acreditar, no caso das persoas xurídicas, os seguintes extremos: CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa.
- Estar en posesión do certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de manipulación de alimentos.
- No caso de dispoñer de vehículo ou remolque homologado, con seguro en regra e revisión de ITV.
- Dispoñer de seguro de responsabilidade civil.

Base 6ª.- Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

Os/as interesados/as en obter as autorizacións obxecto desta convocatoria presentarán a súa solicitude, no prazo de **20 DÍAS NATURAIS**, segundo o establecido no artigo 19.1.1 da ordenanza reguladora de venda ambulante de Cambre contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral presencialmente ou a través da sede electrónica do Concello de Cambre no enlace predeterminado para esta convocatoria, ou en calquera dos lugares aos que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas. En caso de presentarse a través das oficinas de Correos, será obrigatorio que o interesado informe ao Concello, a través da sede electrónica https://sede.cambre.es/sxc/es/procedimientosytramites/tramites/SolicitudGeneral_N ou mediante correo electrónico (adl@cambre.org), de que presentou unha solicitude por esta vía indicando a data de imposición do envío na oficina de Correos anexando o correspondente xustificante. Non será admitida a documentación remitida por correo se non é recibida no Concello transcorridos tres días naturais tras a data de terminación do prazo.

Todas as comunicacións posteriores faranse por medios electrónicos.

Base 7ª.- Documentación para presentar coa solicitude.

- Solicitude, conforme ao modelo aprobado na ordenanza, ao que achegarán a seguinte documentación
 - o Persoa física : copia do DNI ou NIE
 - o Persoa xurídica: copia do CIF, acta de constitución e estatutos, e documentación acreditativa de ostentar a representación da entidade.
 - o Certificado de situación censual no censo de actividades económicas actualizada emitida pola Axencia Estatal Tributaria AEAT na que conste a/as actividades económicas de alta.
 - o Certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), e a Seguridade Social ou autorización ao concello para verificalo.
- Declaración responsable, conforme co modelo aprobado na ordenanza, na que manifeste:
 - o Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e ao corrente no pago das cotizacións.
 - o Estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto sobre actividades económicas e estar ao corrente no pago das tarifas ou, de estar exentos, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.
 - o Cumprir cos requisitos das regulamentacións de cada tipo de produtos.
 - o Estar en posesión, no seu caso, do certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de manipulación de alimentos.
 - o Cumprir os requisitos que impón a normativa sanitaria, no caso de autorizados á venda de produtos de alimentación e herbodietética.
 - o Satisfacer as taxas e os tributos fixados na correspondente ordenanza municipal.
 - o Non ter pendente o cumprimento de ningunha sanción imposta por este Concello.
 - o Non ter débeda pendente con este Concello.
 - o Dispoñer dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixibles, de tratarse de persoas estranxeiras.
 - o Dispoñer do CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que firma a solicitude de autorización en representación da empresa, no caso de persoas xurídicas.
 - o Dispoñer de seguro de responsabilidade civil.
 - o Dispoñer, no caso dos camións tenda, do permiso de circulación, da tarxeta de inspección técnica de vehículos actualizada e estar ao día no pagamento do seguro obrigatorio de vehículos a motor
 - o Dispoñer, no seu caso, da documentación acreditativa de que o vehículo tenda reúne as condicións de hixiene e sanidade esixibles.
 - o Dispoñer, no seu caso, do certificado de correcto funcionamento das máquinas e instalacións que se utilicen.
 - o Estar en posesión da documentación acreditativa do cumprimento de ditos requisitos e manter o seu cumprimento durante todo o prazo de vixencia da autorización.
- Pago da taxa correspondente establecida no artigo 5.1.b da ordenanza fiscal pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público con motivo da venda ambulante.
- Documentación necesaria para valorar os criterios de adxudicación:
 - o Informe de vida laboral do solicitante expedido pola Seguridade Social e, no caso de ter traballadores o informe ITA (informe traballadores en Alta).
 - o Títulos, diplomas ou documentos equivalentes que acrediten a participación en cursos, conferencias ou xornadas ofrecidos por entidades públicas ou homologadas por éstas.

Base 8ª.- Pago da taxa aplicable á venda ambulante realizada en mercados ocasionais ou ocupacións esporádicas.

Segundo o establecido na ordenanza fiscal núm. 23 reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público con motivo da venda ambulante, a tarifa aplicable á venda ambulante realizada en mercados ocasionais ou ocupacións esporádicas é de 0,789 euros / m² / día.

Para os efectos previstos para a aplicación do apartado anterior, terase en conta o seguinte:

- Se o número de metros cadrados do aproveitamento non fose enteiro, redondearase por exceso para obter a superficie ocupada.
- Para a determinación da superficie a ocupar terase en conta a colocación de toldos, separadores e outros elementos auxiliares, a fin de computar o perímetro total da ocupación.

Base 9ª.- Criterios de valoración para a adxudicación.

Tendo en conta do carácter limitado do espazo público dispoñible para o desenvolvemento da venda ambulante e, por conseguinte, do número limitado de autorizacións, de conformidade co establecido no artigo 76.1 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, as solicitudes admitidas que cumpran os requisitos para desenvolver a actividade de venda serán puntuadas de acordo cos seguintes criterios, a efectos de establecer unha prelación para a súa adxudicación, para o suposto de que o número de solicitudes fose superior ao número de autorizacións convocadas

Os criterios de valoración das solicitudes serán os seguintes: **(máximo 17 puntos)**

- **Antigüidade:** valorarase con 10 puntos o exercicio da venda ambulante no “Festival Rock in Cambre” cunha antigüidade de cinco anos a contar dende a convocatoria de licitación de postos. A dita acreditación efectuarase mediante informe emitido para o efecto pola Axencia de Desenvolvemento Local ou pola Policía Local, no seu caso.

- **Experiencia:** a experiencia demostrada na profesión puntuarase a razón de 0,50 puntos por ano completo de exercicio da actividade, ata un máximo de 5 puntos. Esta circunstancia acreditarase mediante presentación do informe de vida laboral e certificado de estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto sobre actividades económicas.

- **Formación:** a participación en cursos, conferencias ou xornadas nesta materia ofrecidas por entidades públicas, ou homologadas por estas, puntuarase a razón de 0,10 puntos cada un, ata un máximo de 2 puntos.

Base 10ª.- Procedemento de adxudicación: en cumprimento dos principios de liberdade de acceso, publicidade e transparencia que deben rexer toda convocatoria pública, de conformidade co establecido no artigo 19 da ordenanza reguladora de venda ambulante no Concello de Cambre, o procedemento constará das seguintes fases:

- Aprobación das bases da convocatoria para a convocatoria pública dos postos de venda ambulante no “Festival Rock in Cambre 2026” mediante resolución da alcaldesa ou concelleiro/a en quen delegue.
- Publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de edictos, na páxina web do Concello de Cambre, e no BOP.
- Presentación de solicitudes conforme ao establecido na base 6ª e 7ª.
- Se as solicitudes non reúnen os requisitos establecidos, requirirase ao/á interesado/a para que emende a falta ou achegue os documentos preceptivos con indicación de que, se así non o fixese, terase por desistido da súa solicitude.
- Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, se existise un número de solicitudes inferior ou igual ás prazas a cubrir, as autorizacións outorgaranse de forma directa, sen máis trámites.
- En caso contrario, adxudicaranse mediante concurso de conformidade cos criterios establecidos na base 9ª, que se desenvolverá do seguinte xeito;
 - o Avaliadas as solicitudes, crearase unha relación de aspirantes coa puntuación acadada por cada un segundo os criterios de valoración e publicarase, mediante resolución da alcaldesa ou concelleiro/a en quen delegue, no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web, establecéndose un período de 3 días naturais durante os cales poderán presentarse alegacións.
 - o Transcorrido o dito prazo, dítase resolución definitiva resolvendo as alegacións e fixando a relación de solicitantes con dereito á autorización.
 - o De existir empate, resolverase por sorteo público, convocado ao efecto mediante anuncio publicado no Taboleiro de edictos e na páxina web oficial do Concello de Cambre e previamente á resolución definitiva.
 - o Os postos adxudicaranse por orde de puntuación. Tendo en conta que todos os postos son idénticos, a asignación de cada un dos postos aos vendedores/as autorizados/as será realizado polos servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local, ao fin de lograr a mellor distribución posible tendo en conta as características dos produtos vendidos, a tipoloxía dos postos, etc.

A autorización seralle outorgada á persoa física ou xurídica titular da actividade; sendo expedidas de forma nominativa nas que constará:

- Identificación do titular da autorización, así como domicilio ao que deban dirixirse as reclamacións.
- Produtos autorizados para a venda.
- Período de vixencia.
- Lugar, número de posto asignado, data e horas autorizadas de montaxe, desmontaxe, apertura do posto así como o resto de indicacións necesarias para o desenvolvemento da súa actividade no evento.

As persoas traballadoras que, no seu caso, exerzan a actividade en lugar do titular da autorización deberán estar identificados e cumprir coa normativa laboral.

Base 11ª.- Condicións de instalacións dos postos: os postos terán as medidas establecidas nas notificacións de autorización.

Non se permitirá realizar ancoraxes ou fixar estruturas, por moi lixeiras que sexan, ao solo, árbores ou a superficie dos alcorques.

Os sistemas utilizados para a suxeición non poderán afectar en ningún caso ao pavimento.

Non poderán situarse fóra do espazo delimitado para cada posto ningún elemento que entorpeza a normal circulación de peóns, ou accesos a vía pública e reunirán, en todos os casos as debidas condicións de seguridade, salubridade, limpeza e decorosa presentación, podendo ordenarse a súa retirada en caso contrario.

En todos os supostos será por conta do/a autorizado/a o subministro eléctrico necesario para o seu funcionamento, os gastos de iluminación e enerxía eléctrica, así como, no seu caso, os derivados da vixilancia e seguridade dos postos de venda, gastro-buses ("food trucks") ou vehículos similares, sen prexuízo das competencias legalmente atribuídas á policía local e demais corpos e forzas de seguridade en materia de seguridade en espazos públicos.

Non se permite a exposición do xénero directamente sobre o pavimento.

Base 12ª.- Deberes e obrigas que deben cumprir os/as vendedores/as ambulantes: deberán cumprir co establecido no artigo 17 ordenanza reguladora de venda ambulante.

- As persoas autorizadas quedan obrigadas ao cumprimento destas bases e das disposicións que lles afecten en materia de lexislación sobre comercio, social, policía sanitaria, policía de espectáculos e calquera outra normativa que lles resulte de aplicación.
- O espazo asignado deberá destinarse única e exclusivamente para a actividade autorizada e será utilizado pola persoa titular da autorización. Non poderá levar a cabo a venda de produtos distintos dos sinalados na súa solicitude e debidamente autorizados e inventariados. Queda prohibido dividir o espazo ou ceder o dereito de uso mediando ou non a entrega de prezo; polo que en ningún caso poderá a persoa adxudicataria transmitir a outra persoa a autorización outorgada fóra dos supostos e cos requisitos previstos na lexislación sobre comercio ambulante, nin variar a actividade autorizada.
- Non se poderá amarear ningún tipo de material ou produto en lugares que excedan do espazo autorizado.
- En todo momento deixaranse libres os accesos. O paso necesario para vehículos de emerxencia permanecerá libre de obstáculos e garantidos en todo momento.
- Estar en posesión da autorización municipal para o exercicio da venda ambulante no "Festival Rock in Cambre 2026", cumprindo coas condicións establecidas nela. O incumprimento de calquera das condicións impostas na autorización implicará a súa revogación sen xerar dereito a indemnización a favor do/a interesado/a.
- A persoa autorizada farase responsable dos danos que se poidan ocasionar tanto a persoas como a bens, derivados da instalación e a actividade realizadas. Así mesmo, tamén será responsable ante o Concello de calquera dano que sufra o espazo público que se lle asigne, salvo que este derívese de causas de forza maior. A tales efectos, deberá contar cun seguro de responsabilidade civil a terceiros de coberturas básicas e de obrigado cumprimento, para todos os efectos de danos causados durante a celebración do evento.
- Manter un trato correcto co público e co persoal municipal, acatar en todo momento as ordes que imparta o concello ou calquera outra autoridade por razóns de seguridade cidadá, orde pública ou para a boa marcha do festival, non producir molestias e incomodidades que perturban a orde pública,. Queda prohibida a instalación de megafonía de calquera clase, incluíndo a reprodución de música.
- Manter os postos, gastro-buses ("food trucks") ou vehículos similares ordenados, e en axeitadas condicións hixiénicas. Unha vez finalizado o evento deberá deixar en perfecto estado de limpeza o espazo da vía pública utilizado. Non se utilizará ningún tipo de ancoraxe sobre o pavimento, protexéndoo debidamente.

- Os postos situados na zona empedrada do Campo da Feira deberán protexer o chan ao longo da extensión ocupada pola actividade co fin de evitar manchas no empedrado, sobre todo na zona destinada aos pedidos da clientela, cos materiais que estimen oportunos.
- Os/As adxudicatarios/as de autorizacións deberán pechar o seu posto no momento de finalización de cada xornada segundo os horarios máximos de peche previstos nestas bases.
- Todos os alimentos cumprirán as normativas sanitarias esixidas para cada un deles, sendo indispensable que se presenten debidamente envasados, etiquetados, protexidos, con rexistro sanitario e refrixerados aqueles produtos cuxa normativa así o esixa. Así mesmo, os alimentos deberán estar protexidos da contaminación polo po, insectos e outras fontes de sucidade. Evitarase a súa manipulación polo público, o contacto directo co solo e a incidencia directa do sol e da choiva. O persoal que expendan alimentos deberá gardar as axeitadas condicións de aseo e limpeza na roupa de traballo e deberán estar en posesión do carné de manipulador de alimentos.

O concello non se fai responsable dos posibles furtos, roubos ou danos que poidan sufrir os bens do adxudicatario.

Base 13ª.- Forza maior

En caso de forza maior, as datas das autorizacións poderán ser modificadas ou a súa celebración anulada. Neste último caso aplicarase o seguinte réxime:

- Se a anulación se produce con carácter previo ao seu inicio, os/as vendedores/as terán dereito a devolución íntegra do importe das taxas que se fixo efectivo, unha vez solicitada.
- Se a anulación se produce unha vez iniciado o evento, unicamente devolverase a parte proporcional da taxa correspondente aos días que restasen para a súa finalización.

En todos estes casos, non haberá lugar á indemnización por presuntos danos e/o prexuízos, como consecuencia da anulación ou modificación.

Base 14ª.- Réxime inspector.

O Concello de Cambre, segundo o estipulado no artigo 27 da súa ordenanza reguladora, exercerá as funcións de inspección, sen prexuízo das competencias atribuídas a outras administracións.

Os servizos municipais poderán realizar inspeccións periódicas ao obxecto de comprobar o cumprimento das condicións da autorización outorgada, a limpeza e hixiene das instalacións e as restantes obrigas previstas na lexislación aplicable e nestas bases. De estimar que se produciu un incumprimento esencial de calquera das mesmas, o Concello poderá acordar a revogación da autorización.

Base 15ª.- Infraccións e sancións.

Será de aplicación o réxime sancionador previsto no título VIII da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, así como o previsto en ordenanza reguladora de venda ambulante do Concello de Cambre (capítulo II da ordenanza reguladora, artigos 27 ao 31).

Base 16ª.- Causas de extinción da autorización.


Atenderase ao establecido nos artigos 14 da ordenanza reguladora de venda ambulante do Concello de Cambre.

- Transcurso do prazo
- Renuncia expresa e escrita do titular.
- Quebra do titular declarada por resolución xudicial firme.
- Causas sobrevidas de interese público.
- Perda dalgún dos requisitos esixidos nesta ordenanza e demais normativa de aplicación.
- Falta de pagamento das exaccións correspondentes dentro do prazo fixado na correspondente ordenanza fiscal.
- Como sanción accesoria

Base 17ª.- Revogación da autorización:

De conformidade co artigo 13 e 30 da ordenanza, a autorización poderá ser revogada unilateralmente por razóns de interese público, sen xerar neste caso dereito algún de indemnización, cando resulte incompatible coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscabo do uso xeral.

Tamén poderá revogarse temporalmente como sanción accesoria.



Cambre, 13 de agosto de 2026

A alcaldesa

Diana Piñeiro Fernández

2026/5401